

VII CICLO de TEATRO XUVENIL


2016



> Venres, 6 de maio

Ás 20:15 h Auditorio Gabriel García Marquez, Mera
Monólogo xuvenil - Candido Pazó e
mozos/as gañadores/as de "Oleiros Comedia"

Prezo: 2 euros



> Venres, 13 de maio

Ás 20:15 h Auditorio Gabriel García Marquez, Mera
Compañía de Teatro El Ruiseñor - musical:
"José y su túnica de colores"

Prezo: 2,50 euros



> Sábado, 21 de maio

Ás 20:15 h Auditorio Gabriel García Marquez, Mera
Obradoiro de teatro xuvenil do Concello de Oleiros -
"Schindler"

Prezo: 2 euros



> Venres, 27 de maio

Ás 20:15 h Auditorio Gabriel García Marquez, Mera
Grupo de teatro do IES María Casares -
"Irene Mendiluce"

Prezo: 2 euros

VII CICLO DE TEATRO XUVENIL

Un ano máis o Concello de Oleiros aposta polo mundo do teatro cun espazo dedicado a representacións de agrupacións teatrais de mozos e mozas co obxectivo de dar a coñecer e difundir o traballo das distintas compañías de teatro xuvenil da comarca e promover os espazos escénicos municipais entre a mocidade de Oleiros.

Este ano celébrase o VII Ciclo de Teatro Xuvenil, levarase a cabo no mes de maio e incorpórase dentro da programación, un espazo de monólogos e musicais xuvenís co obxectivo de achegarse máis ás demandas dos mozos e mozas e ampliar o concepto de teatro xuvenil.



Venres, 6 de maio de 2016 ás 20:15 h (90 min. aprox.)

Actuación de catro rapaces e rapazas monologuistas, gañadores do “Oleiros Comedia” da man de Cándido Pazó como presentador e dinamizador.

Venres, 13 de maio de 2016 ás 20:15 h (90 min. aprox.)

Actuación da Compañía de Teatro El Ruiseñor co musical: *José y su túnica de colores* de Tim Rice e Andrew Lloyd Webbern, dirixido por Susana Crespo.

Sinopse:

Un neno desolado polas burlas dos seus compañeiros por crer en soños, é visitado por dúas misteriosas mulleres que lle contan un conto sobre un soñador coma el.

José, fillo de Jacob, é un pastor novo que vive na terra de Canaán xunto cos seus once irmáns. Jacob, o seu pai, sempre mostrou preferencia por José sobre os seus irmáns, o que levantaba a envexa dos demais. Cando José recibe como agasallo unha túnica multicolor, o seus irmáns presos da ira, véndeno coma escravo a uns Ismaelitas, finxindo a morte do seu irmán ante o seu pai para ocultar o crime. José vendido como escravo a un mercador exipcio, vese envolto nun malentendido que o conducirá a prisión.

Mentres tanto en Exipto o Faraón Ramsés leva tempo soñando con 7 vacas fracas e 7 vacas gordas. José, que sabe interpretar os soños, terá que deducir o soño do faraón, pois a súa sorte e futuro dependerá diso.

A historia está contada en clave de comedia musical, 90 minutos trepidantes de voces en directo, baile e cor, cunha gran variedade de ritmos e xiros musicais. Un espectáculo para todos os públicos.

Sábado, 21 de maio de 2016 ás 20:15 h (50 min. aprox.)

Obradoiro de Teatro Xuvenil do Concello de Oleiros- *Schindler*

Sinopse:

O ascensor, como un ser desesperado recorre o seu oco no mundo que coñece espiando en cada burato buscando na angustiosa ausencia de cada nivel.

Venres, 27 de maio de 2016 ás 20:15 h (50 min. aprox.)

Grupo de Teatro do IES María Casares- *Irene Mendiluce*

Sinopse:

A primeira vez que fun consciente de que o mundo non era perfecto tiña seis anos.

Non tardei en descubrir que a miña nai tamén estaba en apuros. Meu pai era tan duro con ela como con Max e comigo. Mamá dicíanos que tiña mal xenio e que se enfadaba porque nos quería. Pero no colexio ensinábannos que ás persoas ás que se quere non se lles fai dano. Foi entón, á corta idade de seis anos, cando comprendín, que a iso non se lle pode chamar amor.

